

NOTA INFORMATIVA DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE UXIER EN RÉXIME INTERINO RESERVADA PARA SER CUBERTA POR PERSOAS QUE ACREDITEN ALGUNHA DISCAPACIDADE INTELECTUAL

Lémbrese a todas as persoas aspirantes admitidas neste proceso que o chamamento para **a celebración do 1º exercicio será o 10 de marzo de 2018, ás 10.00 horas**, no Parlamento de Galicia, situado na rúa do Hórreo, número 63, en Santiago de Compostela.

O acceso dos aspirantes ao recinto realizarase polo portón de vehículos da reixa, que está na parte baixa da rúa do Hórreo.

Unha vez alí dirixiranse por dentro do recinto cara á marquesiña da fachada sur do edificio. Aconséllase acudir coa suficiente antelación para facilitar a identificación previa dos aspirantes e, de ser o caso, do **único acompañante ao que se lle permitirá acceder ao edificio**.

Dentro do edificio o persoal colaborador acompañará os aspirantes e o seu acompañante (só no caso de que sexa preciso) á zona de espera para o chamamento, na planta superior. O acceso á área do de realización do exercicio realizarase polos dous extremos dese espazo, denominados **PORTA 1 e PORTA 2**. Na páxina web do Parlamento de Galicia (www.parlamentodegalicia.gal) publicarase a distribución das persoas aspirantes, por nome e apelidos, entre ambas as dúas portas. Tamén haberá unha porta para incidencias.

Ás 10.00 horas, as persoas aspirantes deberán estar fronte á súa porta de acceso, e os membros da organización iniciarán o chamamento na orde correspondente polos seus apelidos e nome.

As persoas aspirantes deberán ir provistas de bolígrafo de cor azul ou negra e só se lles permitirá o acceso á área de realización do exercicio ás que presenten o seu documento nacional de identidade, pasaporte ou carné de conducir (documento orixinal).

Comprobaranse as identidades e serán acompañados ata o lugar onde tomarán asento para realizar o exercicio. **Os posibles acompañantes deberán abandonar a zona de espera e volver**

ao vestíbulo da planta inferior para evitar molestias e interferencias durante o desenvolvemento do exercicio.

No interior da área de realización do exercicio non se permitirán teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento do que se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na resolución do exercicio. Non se habilitará no recinto ningún servizo de recollida de móbiles.

O exercicio dará comezo unha vez rematado o chamamento e cando xa estean sentadas no lugar asignado todas as persoas aspirantes. O presidente do tribunal lerá as instrucións para realizar o exercicio e ordenará o seu inicio, ademais de indicar a hora de comezo e de remate do exame.

En canto ás adaptacións solicitadas, concédense a todas as persoas aspirantes tanto a ampliación de letra (tipo Arial 14) como as instrucións por escrito para a cobertura do cuestionario, que serán entregadas na mesa do exame de cada aspirante; estas instrucións tamén estarán publicadas na páxina web do Parlamento de Galicia (www.parlamentodegalicia.gal).

A concesión das adaptacións adicionais solicitadas seranlles comunicadas persoalmente ás persoas afectadas.

O TRIBUNAL